



# X CONCURSO DE PROXECTOS EMPRESARIAIS INNOVADORES DA USC



## PREMIOS:

### BASE TECNOLÓXICA:

1º Premio (dotado con 7.000 €)

2º Premio (dotado con 4.000 €)

EMPRESA XOVE (dotado con 2.000 €)

MULLER EMPRENDEDORA (dotado con 2.000 €)

PROX. MEDIOAMBIENTAL: (dotado con 2.000 €)

SENSIBILIDADE SOCIAL: (dotado con 2.000 €)

## Patrocina:



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
Dirección Xeral de  
Promoción do Emprego

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2010

Salón Reitoral- Colexio de San Xerome

10.30 horas

## ÍNDICE

---

|   |    |
|---|----|
| 1. RELACIÓN DA TOTALIDADE DOS PROXECTOS PRESENTADOS.....                                      | 3  |
| 2. GRÁFICOS REPRESENTATIVOS.....  | 4  |
| 3. RELACIÓN DE PROXECTOS FINALISTAS AVALIDADOS POLOS TÉCNICOS DO<br>PROGRAMA UNIEMPRENDE..... | 6  |
| 4. COMPOSICIÓN DO XURADO.....   | 7  |
| 5. PREMIOS E CATEGORÍAS.....  | 8  |
| 6. DESCRICIÓN DOS PROXECTOS GÑADORES.....   | 9  |
| 6.1. BIOVÍA .....   | 9  |
| 6.2. MOON BITES.....  | 13 |
| 6.3. GALEBOOK.....  | 15 |
| 6.4. TRATAMENTO DE RESIDUOS DAS ALDEAS E COXERACIÓN DE ENERXÍA.....                           | 17 |
| 6.5. ICARTO.....  | 18 |
| 6.6. CONPAS.NET.....  | 20 |



## 1.- RELACIÓN DA TOTALIDADE DOS PROXECTOS PRESENTADOS.

---


| Nº | CÓDIGO  | DENOMINACIÓN  |
|----|---------|---|
| 1  | 01/2009 | Lug@lia   |
| 2  | 02/2009 | Small Wonders   |
| 3  | 03/2009 | Pleiteando.com  |
| 4  | 04/2009 | Xoga,S.L.   |
| 5  | 05/2009 | Imasgal Técnica, S.L.                                     |
| 6  | 06/2009 | Web Búsqueda de Parella                                   |
| 7  | 07/2009 | Conpas.net  |
| 8  | 08/2009 | Instant Postal.es   |
| 9  | 09/2009 | Brétema Ocio e Tempo Libre                                |
| 10 | 10/2009 | Tenismanager  |
| 11 | 11/2009 | Moverse por Galicia                                       |
| 12 | 12/2009 | iCarto  |
| 13 | 13/2009 | Galebook  |
| 14 | 14/2009 | MoonBite  |
| 15 | 15/2009 | Berobreo  |
| 16 | 16/2009 | Anopa. Educación e Participación Socioambiental           |
| 17 | 17/2009 | Paraben. Psicoloxía. Servizos sociais                     |
| 18 | 18/2009 | Gazeta  |
| 19 | 19/2009 | Biovía  |
| 20 | 20/2009 | A terapia do Canguro                                      |
| 21 | 21/2009 | Trileuco Solutions  |
| 22 | 22/2009 | Tratamento de residuos das aldeas e coxeración de enerxía |
| 23 | 23/2009 | Foro 10   |
| 24 | 24/2009 | Mediatic_Fiction  |
| 25 | 25/2009 | Baudea Concept  |
| 26 | 26/2009 | Agil Az Enxeñeiros informáticos                           |
| 27 | 27/2009 | Granxa Familiar   |
| 28 | 28/2009 | Leader100- Coaching                                       |
| 29 | 29/2009 | RHB Asesores  |
| 30 | 30/2009 | Pion. Medioambiente.                                      |

## 2.- GRÁFICOS REPRESENTATIVOS.


---



### Facultades mais representadas



### Distribución por sexo



### 3.- RELACIÓN DE PROXECTOS FINALISTAS AVALIDADOS POLOS TÉCNICOS DO PROGRAMA UNIEMPRENDE.

---

| Nº | CÓDIGO  | DENOMINACIÓN PROXECTO                                     |
|----|---------|---|
| 1  | 02/2009 | Small Wonders   |
| 2  | 04/2009 | Xoga, s.l.  |
| 3  | 05/2009 | Imasgal Técnica, s.l.                                     |
| 4  | 07/2009 | Conpas.net  |
| 5  | 12/2009 | Icarto  |
| 6  | 13/2009 | Galebook  |
| 7  | 14/2009 | MoonBite  |
| 8  | 16/2009 | Anopa. Educación e participación socioambiental           |
| 9  | 19/2009 | Biovía  |
| 10 | 21/2009 | Trileuco Solutions  |
| 11 | 22/2009 | Tratamento de residuos das aldeas e coxeración de enerxía |
| 12 | 25/2009 | Baudea concept  |
| 13 | 27/2009 | Granxa familiar   |

#### 4.- COMPOSICIÓN DO XURADO.

---

### X CONCURSO DE PROXECTOS EMPRESARIAIS INNOVADORES DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

#### REUNIÓN DO XURADO

Data: venres 9 de xullo de 2010

Hora: 12.00

Lugar: sala de xuntas do Edificio EMPRENDIA

#### MEMBROS DO XURADO

- Presidente: Francisco González García, Vicerreitor de Investigación e Innovación da Universidade de Santiago de Compostela
- Secretario: Gustavo Marcos Cancelas, Xerente de Uninova
- Vogais:
- ~ Ricardo Capilla Pueyo, Director Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, Consellería de Economía e Industria, Xunta de Galicia
  - ~ Andrés Hermida Trastoy, Director Xeral de Promoción do Emprego, Consellería de Traballo e Benestar, Xunta de Galicia
  - ~ Francisco Ramón Durán Villa, Vicerreitor de Estudantes e Formación Contínua da Universidade de Santiago de Compostela
  - ~ María Teresa Cancelo Márquez, Decana da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela
  - ~ Carlos Hernández Sande, Director do Programa Uniemprende da Universidade de Santiago de Compostela e Director da Cátedra Unesco de Innovación e Xestión da Cultura Emprendedora.
  - ~ Enrique Vila, Director da Área de Emprendedores de Bic Galicia
  - ~ José Manuel Ortigueira, Director de Promoción de Xesgalicia

## 5.-PREMIOS E CATEGORÍAS.

---

### BASE TECNOLÓXICA:

---

1º Premio: Gañador: **BIOVÍA.**  
Importe: **7.000 €**

2º Premio: Gañador: **MOON BITES**  
Importe: **4.000 €**

### MULLER EMPRENDEDORA:

---

Gañador: **GALEBOOK.**  
Importe: **2000 €**

### PROX. MEDIOAMBIENTAL:

---

Gañador: **TRATAMIENTO DE RESIDUOS DAS ALDEAS  
E COXERACION DE ENERXÍA.**  
Importe: **2000 €**

### PROX. CON SENSIBILIDADE SOCIAL

---

Gañador: **iCARTO**  
Importe: **2000 €**

### EMPRESA XOVE

---

Gañador: **COMPAS.NET**  
Importe: **2000 €**



## 6.- DESCRICIÓN DOS PROXECTOS GAÑADORES.

---

### BIOVÍA

#### Breve Descrición

Biovía é unha empresa de servizos avanzados de I+D+i dedicada ao deseño e comercialización de novas ferramentas ambientais baseadas na bio monitorización para a vixilancia e control do medio (atmosférico, fluvial e mariño).

En xullo de 2009 a Xunta de Galicia cualifica a Biovía como Iniciativa de Emprego de Base Tecnolóxica (n.º rexistro 66/130/2009/IEBT) polo seu carácter tecnolóxico e innovador, dándolle o seu respaldo a través do programa IEBT.

Biovía integra a un equipo de profesionais de alta cualificación e contrastada experiencia, coñecedores da realidade ambiental, territorial e social actual en base a experiencia adquirida nos últimos vinte anos no seo do grupo de investigación de Ecotoxicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela. Esta experiencia permitiu estandarizar as técnicas e os protocolos metodolóxicos, así como obter a bagaxe necesaria para crear un produto competitivo, ecolóxico, innovador e de baixo custo ao servizo de empresas privadas e Administracións Públicas. Biovía desenvolve a súa actividade en todos os ámbitos: internacional, nacional, rexional e local; dispón dunha ampla rede de colaboradores especializados nas distintas áreas da consultaría, a xestión e a investigación en materia ambiental.

Aplica solucións baseadas na tecnoloxía, o que se traduce no continuo desenvolvemento de produtos I+D+i que melloran e diferencian os nosos servizos e produtos dende a perspectiva da calidade e o espírito de innovación.

Promover, impulsar, e fomentar a produción limpa, así como o crecemento sostible e respectuoso co medio e a saúde humana, máis alá do que esixen as leis, é un dos principais obxectivos de Biovía.

#### Identificación e descrición dos produtos /servizos que ofrece

Froito do espírito innovador de Biovía e como unha ferramenta para valorizar a calidade ambiental nace a Marca de Garantía "Calidade Aire Limpo" outorgada pola Oficina de Patentes e Marcas (n.º 2.908.902; BOPI 7/06/2010) e co informe favorable do Laboratorio de Medio da Subdirección Xeral de Investigación, Cambio Climático e Información Ambiental (Consellería Medio, Territorio e Infraestruturas; Xunta de Galicia)

"Calidade Aire Limpo" nace co fin de cualificar a calidade do aire ambiente tanto en ámbitos industriais como urbanos e rurais. Constitúese como unha ferramenta para impulsar, promover e fomentar a produción limpa e o crecemento sostible e respectuoso co medio. Búscase distinguir aquelas persoas, empresas e/ou entidades que realizan unha actividade libre de micro-contaminantes atmosféricos, contribuíndo así á súa valorización, notoriedade e recoñecemento dos esforzos realizados para o mantemento e protección do medio e do patrimonio natural. "Calidade Aire Limpo" represéntase pola imaxe rexistrada:



Os usuarios principais da Marca de Garantía son as empresas e institucións da Administración Pública sensibles e preocupadas pola calidade do medio, a conservación da natureza, o desenvolvemento sostible, a saúde e a seguridade dos seus cidadáns.

Os usuarios divídense en catro grupos, definidos pola súa idiosincrasia: Para a obtención de Marca "Calidade Aire Limpo" débense cumprir os criterios técnicos descritos no seu Regulamento de Uso.

Os servizos que ofrece Biovía aos seus clientes pódense resumir en:

#### Identificación focos de contaminación

Nos procesos produtivos complexos emítense moitas variedades de contaminantes ao medio. En moitos casos, para a propia industria e para as Administracións Públicas, é complexo cuantificar as emisións reais de microcontaminantes á atmosfera e ás masas de auga epi-continuais así como a súa toxicidade.

Biovía dispón dun sistema sinxelo, rápido e económico de identificación dos microcontaminantes emitidos por cada foco, con posibilidade de deslinde de responsabilidades entre focos relativamente próximos.

#### Plans de vixilancia

Biovía dispón dunha ampla batería de bioensaos específicos que abranguen o medio atmosférico, fluvial e mariño. Esta batería de bioensaos van permitir monitorizar cambios ambientais no espazo e no tempo sen necesidade da construción de custosas instalacións. O establecemento de Plans de Vixilancia permite ás Administracións Públicas e a industria depurar responsabilidades nos casos de presuntos delitos medio ambientais.

#### Niveis pre- operacionais e/ou verificación de medidas correctoras

Os biomonitores permiten establecer con precisión e a baixo custo o estado "cero" ambiental antes da fase de execución ou da fase de explotación dunha actividade industrial. Este estudo inicial permitirá realizar un seguimento do impacto medio ambiental do proceso produtivo, no caso de industrias, e da recuperación das súas zonas de influencia tras a execución de cambios tecnolóxicos.

Os biomonitores facilitan a comparación precisa da situación ambiental

antes e despois da aplicación de medidas, plans e programas ambientais de grande alcance (i.e. plan de redución de verteduras; cambios de combustible en transporte público, calefaccións, procesos industriais, etc.) tomados polas diferentes Administracións. Soamente mediante sistemas de detección fina e en redes de alta densidade se pode verificar a eficacia deste tipo de medidas e só a aproximación dos biomonitores é viable economicamente.

#### Redes de calidade

O equipo humano de Biovía posúe ampla experiencia na creación de Redes de Calidade Ambiental. O establecemento deste tipo de redes é unha importante fonte de información ambiental para a vixilancia da saúde humana e os ecosistemas. Permite coñecer o éxito e a eficacia da xestión ambiental e as medidas lexislativas; deteccións temperás no incremento das tendencias de microcontaminantes perigosos, etc. O custo da creación de redes de calidade baseadas na biomonitorización é reducido, o que permite aumentar a densidade dos puntos de control e o número de microcontaminantes estudados.

#### **Grao de innovación, produto, proceso ou servizo:**

Na actualidade o control e vixilancia da contaminación realízase maioritariamente por medios convencionais mediante análise físico – químico. Esta metodoloxía ten un alto custo e baixa representatividade dos danos reais sobre a saúde humana e o ecosistema.

Fronte a esta metodoloxía tradicional, as técnicas de biomonitorización constitúen un método integrado de vixilancia ambiental e de avaliación da calidade dos ecosistemas. A biomonitorización usando organismos como receptores ofrece dúas importantes vantaxes sobre a monitorización convencional. En primeiro lugar, non se necesita instalar custosos instrumentos con elevados gastos de mantemento e, polo tanto, pode establecerse unha rede de control máis densa e axustada ás necesidades reais, subministrando unha boa resolución espacial a un custo relativamente baixo. En segundo lugar, os efectos dos contaminantes sobre os seres vivos provénos directamente dunha medida real do impacto ecolóxico ocasionado. Permiten establecer niveis pre-operativos para poder deslindar responsabilidades ambientais de novas instalacións e tamén permite avaliar a recuperación ambiental derivada da implantación de melloras tecnolóxicas e previr posibles riscos empresariais (ambientais e económicos) ao contar con información do pasado.

#### **Equipo promotor**

O equipo promotor do proxecto empresarial pertence ao Grupo de Excelencia Investigadora especialista en Ecotoxicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela e está formado por:

- Alejo Carballeira Ocaña. Doutor en Bioloxía pola USC.
- Jesús Aboal Viñas. Doutor en Bioloxía pola USC e Universidade de La Laguna.
- José Ángel Fernández Escribano. Doutor en Bioloxía pola USC
- Ana Isabel Rey Asensio. Licenciada en Bioloxía pola USC.

### **Creación de emprego:**

A xeito de previsión, nun estudo a cinco anos vista, estímase contratar, en función do volume de negocio, 1 consultor sénior, 2 consultores júnior e 2 técnicos. O perfil máis habitual das persoas a contratar como consultores júnior será licenciado en Bioloxía, Químicas ou Ciencias Mariñas ou enxeñeiros superiores ou técnicos de diferentes especialidades, (Química, Medio, Agrónomo, Montes); como técnicos ambientais contrataranse persoas de ciclos superiores de formación profesional de Química Ambiental e Análise e Control.

**Breve Descripción**

Moonbite engloba a posta en marcha de varias liñas de desenvolvemento multiplataforma (para diferentes consolas e teléfonos móbiles), baseados todos eles en tecnoloxías para o desenvolvemento de xogos que implementen técnicas de intelixencia emocional, de xeito que os xogos xeneren certa empatía entre a consola e o xogador.

Trata as fases de deseño, produción e comercialización de produtos e servizos tecnolóxicos innovadores para o mercado internacional de ocio tecnolóxico engadindo tamén o mercado da telefonía móbil de última xeración e o audiovisual, así como a produción de videoxogos para as últimas vídeo consolas do mercado internacional, e sempre que sexa posible apostando pola distribución on-line, que permite acceder ao mercado global en prazos de tempo curtos e co menor número posible de intermediarios.

Trátase dun proxecto que xorde tras dous anos de traballo cooperativo entre Continental Producciones, Estudios Alia e Paralaxe (Spin off do Instituto de Investigacións Tecnolóxicas da USC).

**Identificación e descrición dos produtos/servizos que ofrece**

Produtos interactivos para televisión.

Digit R: plataforma de xogo on line para telefonía móbil.

Deseño e produción de videoxogos para Wii e DS.

Deseño e produción de videoxogos e contidos para o iPhone.

**Grao de innovación, produto, proceso ou servizo:**

En canto ás liñas de innovación o proxecto céntrase en tres áreas de produción prioritarias que se enumeran a continuación:

- Videoxogos para Nintendo Ds e Wii.
- Produtos interactivos multiplataforma para o sector audiovisual.
- Smartphones (Iphone).

**Equipo promotor**

O equipo promotor está integrado por:

- Julián C. Flores González. Doutor en Ciencias Físicas.
- José M. Cotos Yañez. Doutor en Ciencias Físicas. Profesor na ETSE Informática.
- Francisco Casal Vidal. Enxeñeiro Superior Industrial.
- Carlos Fernández Fernández. Ciencias Económicas e Empresariais.

- Parallaxe Multimedia and Virtual Systems (Spin off da USC)
- Continental.
- Alia Creative & Technical 3D.

**Creación de emprego:**

A empresa comezará a súa actividade con tres socios como traballadores. Ao final dos primeiros 12 meses tense previsto contratar cinco persoas e ao final do segundo ano cóntase contratar a oito persoas máis.

## Breve Descripción

Plataforma de distribución e promoción de libros dixitais en galego, promoción da lingua e a cultura galegas a través das TIC e a lectura polo que se comercializarán contidos pertencentes a diferentes ámbitos como o educativo, literario, científico ou xurídico.

Galebook producirá bens e servizos de alto valor engadido e a súa actividade basearase nos novos formatos dixitais de edición. Trátase de transferir coñecemento técnico, lingüístico e literario así como as novas tecnoloxías (e-readers, e-books,...) ao mercado editorial.

Pretenden converterse nun socio estratéxico das editoriais galegas e, a longo prazo, de editoriais nacionais e internacionais, cunha plataforma que sexa punto de encontro da oferta de ebooks galegos, facilitando a conversión dos libros en formato tradicional a formatos dixitais.

Os seus clientes serían os usuarios de produtos dixitais en Galicia e as editoriais galegas.

## Identificación e descrición dos produtos/servizos que ofrece

Creación e distribución de libro galego en formato dixital (pdf, epub, mobipocket) e para diferentes terminais (PC, e-reader, teléfonos...) así como ofrecer novas formas de comercialización como a impresión baixo demanda ou unha plataforma de autoedición.

Ofrece tamén servizo de tradución e dixitalización dos textos ás editoriais.

## Grao de innovación, produto, proceso ou servizo:

Emprego de tecnoloxías punteiras, novos formatos dixitais e dispositivos electrónicos, en concreto empregárase a tecnoloxía da tinta electrónica (e-ink) que permite a existencia de pantallas dun grosor mínimo e tan flexibles como o papel. Contribución á dixitalización de obras en galego que só se atopan en formato impreso.

## Equipo promotor

O equipo promotor deste proxecto está integrado por:

- María J. Prol Conde, licenciada en Filoloxía Románica na especialidade de francés pola UDC, con Máster en Lingua e usos profesionais da especialidade de galego.

- Estela Mosqueira suárez, licenciada en Filoloxía Inglesa pola UDC con Máster en Lingua e Usos Profesionais da especialidade Inglés.
- Felipe García Fandiño, licenciado en Filoloxía Inglesa, pola UDC.
- Pilar López Esperante, Licenciada en Filoloxía Inglesa, pola UDC con Máster en lingua e Usos Profesionais da especialidade de Inglés.

**Creación de emprego:**

Ao primeiro serán os 4 socios. No segundo ano está prevista a contratación de 2 persoas e outras 2 no terceiro ano.



### Breve Descrición

O proxecto pretende ofrecer un servizo de tratamento das fosas sépticas para a produción de abono e de biogas nas diferentes aldeas de Galicia, esta idea empresarial xorde polos coñecementos adquiridos por un dos promotores sobre o tratamento dos lodos residuais debido á súa experiencia investigadora no departamento de Edafoloxía e química agrícola da USC. Os promotores deste proxecto pretenden ofrecer ao consumidor final (casas rurais e habitantes das aldeas galegas) a posibilidade de instalar un bio dixestor que poderán utilizar como fonte de enerxía propia e co-xeneración de electricidade.

### Identificación e descrición dos produtos/servizos que ofrece

A empresa ofrecerá aos habitantes das distintas aldeas de Galicia os servizos de xestión, asesoramento e instalación de este sistema integral de tratamento das fosas sépticas para a produción de biogás e electricidade.

### Grao de innovación, produto, proceso ou servizo:

Trataríase dunha empresa innovadora de tratamento das fosas sépticas nas aldeas para a produción de biogás. Manifestan que no momento da comercialización terán unha patente para o proceso de instalación e do know-how sobre o mesmo.

### Equipo promotor

- Pablo Álvarez Fariña. Doutor en Bioloxía Mariña e Acuicultura pola USC.
- María José Otero Álvarez. Licenciada en Bioloxía pola USC.
- Edgar Romero Lema. Enxeñeiro de Montes.

### Creación de emprego:

A creación de emprego nos tres primeiros anos será de 3 traballadores.

### Breve Descrición

Empresa de enxeñería cartográfica especializada no uso de Sistemas de Información Xeográfica SIX para a análise de infraestruturas territoriais, a xestión de datos xeoespaciais, a cooperación ao desenvolvemento e á creación de solucións informáticas baseadas en software libre.

A iniciativa está composta por técnicos saídos do Laboratorio de Enxeñería Cartográfica da UDC en colaboración con profesores da ETSI de Camiños, Canais e Portos da Coruña .

A empresa susténtase nos seguintes principios estratéxicos:

- 1.- Tecnoloxías da Información Xeográfica.
- 2.- Software Libre.
- 3.- Participación e metodoloxías colaborativas.
- 4.- Enxeñería civil.
- 5.- Cooperación ao Desenvolvemento.
- 6.- Innovación, investigación e formación.

A orientación de cada un deles e a combinación dos mesmos supón unha clara diferenciación cos competidores.

### Identificación e descrición dos produtos/servizos que ofrece

- Metodoloxías específicas para a recollida de datos en campo, en especial en relación a infraestruturas viarias, camiños, sistemas de depuración, de auga e patrimonio histórico.
- Metodoloxías propias para a análise de infraestruturas.
- Indicadores xeoespaciais para análises de vías de comunicación viaria e peonil.
- Ferramentas implementadas en SIX para a optimización da localización e emprazamento de elementos no territorio, como poden ser sinais viarias ou equipamentos.
- Canles de comunicación cos clientes e colaboradores, e metodoloxías participativas e abertas para a xestión dos proxectos.
- Cartolab desenvolveu tamén aplicacións e ferramentas SIX.

### Grao de innovación, produto, proceso ou servizo:

O proxecto caracterízase por un alto grao de innovación. Parte do traballo realizado na actualidade polo Laboratorio de Enxeñería Cartográfica (grupo CartoLab), Escola de Camiños, Canais e Portos (UDC).

A principal característica innovadora e diferente de iCarto radica no modo de integrar os elementos e as persoas que compoñen esta iniciativa.

### **Equipo promotor**

O equipo promotor desta iniciativa empresarial está integrado por:

- **Juan Ignacio Varela García.** Enxeñeiro Técnico Informático pola UDC. Técnico do grupo de investigación CartoLAB.
- **Jorge Ocampo Couto.** Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas pola UDC. Técnico do grupo de investigación CartoLAB.
- **Gonzalo Martínez Crespo.** Estudante de Camiños, Canais e Portos . Técnico do grupo CartoLAB.
- **Daniel Díaz Grandío.** Técnico Superior de Desenvolvemento de Proxectos Urbanísticos e Operacións topográficas. Estudante de Enxeñería Técnica de Obras Públicas. Técnico do grupo CartoLAB.
- **Adrián Eirís Torres.** Estudante de Enxeñería Técnica de Obras Públicas da UDC. Técnico do grupo CartoLAB.
- **Carmen Molejón Quintana.** Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos pola UDC. Técnica do grupo CartoLAB.
- **Pablo José Sangiao Roca.** Enxeñeiro Técnico de Informática de Xestión. Técnico de do grupo CartoLAB.

Os Emprendedores prestan servizos, na actualidade, no Laboratorio Cartográfico da UDC. Aportaron entre todos eles un capital de 10.000€.

### **Creación de emprego:**

Paulatinamente iránse incorporando á empresa os sete socios da mesma.

## Breve Descripción

A empresa pretende chegar ás pequenas e medianas empresas métodos de negocio, aplicacións informáticas e innovación tecnolóxica ata o de agora so dispoñible para as grandes multinacionais.

Isto é posible grazas ao Software como Servizo (SAAS), que é un modelo de distribución onde a compañía de tecnoloxías de información e comunicación IT prové o servizo de mantemento, operación diaria e soporte do software usado polo cliente.

Calquera usuario da empresa poderá a través dunha clave conectarse e empregar todas as aplicacións da súa empresa dende calquera lugar no que se atope.

Os clientes sempre terán a última versión dos seus programas, a organización estará en continua transformación de maneira que os especialistas da empresas manteñan a vantaxe competitiva respecto ao mercado, ofreceranse programas de fidelidade.

## Identificación e descrición dos produtos/servizos que ofrece

A empresa oferta o produto: “Software como Servizo” que permite a pequenos operadores dar servizos a nivel global coa máxima claridade a clientes de todos os tamaños.

Ademais, tamén ofrece servizos de simulación numérica que permiten ás empresas innovar sen ter que investir en prototipos.

## Grao de innovación, produto, proceso ou servizo:

A innovación é froito da mestura de fluxos de negocio con sistemas informáticos de diversos provedores que deron como resultado un único produto, o que fai posible a súa transferencia ás PEMES de maneira inmediata. Todas as aplicacións funcionan baixo o modelo *Cloud Computing* (George Gilda, 2006).

Trátase de ofrecer unha tecnoloxía que non precisa dun equipo específico, instalación ou mantemento por parte do cliente.

A empresa conta cos seguintes acordos tecnolóxicos de distribución:

- Google Reseller: comisións por venta e implantación de Google APPS.
- Consulting Salesforce Partnet: Formación, acceso a ferramentas e coñecemento.
- Adwords Qualified Company: Profesionais cualificados e xestión de contas.

Ademáis conta cun acordo co cluster audiovisual galego para ser os seus provedores tecnolóxicos.

### **Equipo promotor**

Óscar Pasaró García. Licenciado en C.C. Físicas pola USC. Facultade de Físicas. Santiago de Compostela.

### **Creación de emprego:**

Estimase que ao inicio de actividade a empresa contará con tres persoas entre elas o propio promotor do proxecto. Ao finalizar o primeiro ano de actividade esperase contar cun cadro de persoal integrado por 8 persoas, podendo incrementarse ao final do segundo ano de actividade a un total de 14 persoas.